

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18972 *Real decreto 1819/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.*

Co fin de manter e incrementar a confianza dos depositantes e investidores nas nosas entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, o Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, polo que se fixan os importes garantidos a que se refire o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e o Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, elevou a protección dos importes garantidos ata cen mil euros por titular e entidade. Para este obxecto, modificouse o artigo 6.1 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.

Derivado da modificación do citado artigo víronse alteradas substancialmente as achegas anuais que deben facer as entidades adheridas ao Fondo de Garantía de Inversións, tendo en conta que a letra c) do artigo 8.2 do citado Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, á hora de fixar esas achegas, emprega como elemento de cálculo unha porcentaxe sobre o importe garantido que legalmente se incrementou.

Dado que o Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, non tivo en ningún momento por obxecto o incremento da achega que as entidades deben facer por cada cliente, faise imprescindible esta adaptación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 27 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.*

A letra c) do artigo 8.2 do Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, queda redactada nos seguintes termos:

«c) O resultado de multiplicar o número de clientes cubertos pola garantía por 3 euros.»

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ás achegas ao Fondo de Garantía de Inversións.*

O importe establecido na modificación acometida no artigo único aplicarase aos orzamentos que se aproben a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Para o orzamento correspondente ao exercicio seguinte á entrada en vigor do Real decreto 1642/2008, do 10 de outubro, polo que se fixan os importes garantidos a que se refire o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e o Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores, a sociedade xestora poderá realizar os axustes técnicos necesarios para o cálculo do importe a que se refire o punto anterior considerando os distintos importes garantidos durante o exercicio 2008.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado atribuída polo artigo 149.1.11 e 13 da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ